

Tras a nordestada do venres pensabamos que moitos barcos non se animarían a vir este ano a Bueu. Mais os mariñeiros tradicionais saben chegar a porto con norte, sur ou leste... Así que, un ano máis, achegáronse para deleitarnos coa súa participación, que como anfitrións sempre agradecemos.

Os botes polbeiros, as dornas de varios tipos (xeiteira, coruxana, nai...), o bote xeiteiro, a traíña, as gamelas, os galeóns, os barcos clásicos e outros veleiros afíns, invadían o peirao da lonxa de Bueu. Algúns, por falta de espazo, estaban amarrados entre os barcos pesqueiros do peirao grande.



A mañá do sábado 29 de agosto presentouse con bastante calor e pouco vento. Algún barco galo sae ao mar, a recibir os que entran para asistir ao XIII Encontro de Bueu. Este ano o dito encontro coincidía coa X Edición da Festa do Polbo, organizada pola Confraría San Martiño de Bueu e o Concello, ambos tamén son colaboradores do noso evento.

Era un encaixe perfecto para as nosas embarcacións!





Despois do xantar, debían saír os barcos a buscar o vento que non parecía que quixera axudar. Ben sabemos que este é imprevisible a pesar das predicións.

A tarde semellaba de "calma chicha", como tantas xornadas do verán, pero ese día o obxectivo era facer unha exhibición das embarcacións navegando. Estabamos preocupados de non lles poder ofrecer o fermoso espectáculo visual que esa xornada lles brinda aos visitantes e locais, cando os barcos despregan as súas velas navegando.





Xa estabamos desesperados, pensando se navegar a motor coas velas izadas ou, no caso dos barcos Galos, indo a remo; cando timidamente o vento aparece para non complicarnos a festa. Non era moito pero había que aproveitalo. So 5 ou 6 nós do nordeste, o mínimo para que barcos e navegantes puideran lucir a súa técnica e gallardía sen ningún risco e con un pouco de paciencia.

Este é para nós o día grande do encontro.

De tanto buscar o vento, a flota espallouse máis do desexado. Pero aínda que máis lonxe do previsto, os barcos navegaron o resto da xornada.

O domingo despedimos os últimos tripulantes das embarcacións que quedaban e, pola tarde, recollemos a exposición que cada ano se fai na sala Amalia Domínguez.



Nun ano de crise a virada non deu para moito máis.



Ás veces as cousas non son tan reveladoras contadas como vividas. Así que para compartilo brindámosvos algunhas fotos do evento e esperámosvos na próxima edición.

Bos ventos!

